

# Bloque 2.

## Idade da Pedra Pulida.

### ▪ Introducción.

A Idade da Pedra Pulida (**Neolítico**, pedra nova), corresponde a un período de grandes transformacións, moitas xa anunciadas durante as etapas finais da Idade da Pedra Lascada. Os procesos de intensificación das actividades recoleitoras chegan ó seu cumio coa **agricultura** e a **gandería**; Unha nova economía productora de alimentos vai ser asumida polos grupos que practicaban a anterior economía depredadora.


Coa produción de alimentos, os grupos humanos tómanse **sedentarios**, construindo aldeas nas que podían vivir durante espazos de tempo cada vez máis dilatados. A mellora climática e o inicio desta nova economía propiciaron un aumento da poboación. As novas actividades trouxeron novas técnicas e novos artefactos: útiles de pedra pulida, **cerámica** e aparellos agrícolas (fouces, aixadas ...). Tamén apareceron manifestacións máis complexas da vida social e cultural, como son a progresiva especialización no traballo e os comezos da división social.

Avanzado o Neolítico xurde nunha grande parte de Europa un fenómeno cultural coñecido co nome de **Megalitismo**, que construíra monumentos con grandes pedras fincadas e adoptará un tipo de enterramento concreto: a cámara megalítica ou anta.

### ▪ O Neolítico.

Os derradeiros cazadores-recolectores do Paleolítico tiñan especializado os seus modos de subsistencia dun xeito que agoiraban o establecemento da agricultura e da gandería: A intensificación da recoleita de grans de cereal, a domesticación do can, e un sistema de caza seguindo as manadas de animais e meténdoas en curros para un aproveitamento selectivo, son algúns destes exemplos. Estes cambios prodúcense dun xeito lento e gradual, por iso non é apropiado o termo de **Revolución Neolítico**, pois estes cambios non se dan dun xeito rápido, nin violento. No longo proceso de neolitización algunhas sociedades tardaron moito tempo en sumarse ós novos modos de subsistencia, e outras os abandonaron para volver á caza e á recoleita. Moitas das formas culturais do Paleolítico van estar presentes non só no proceso de integración ó Neolítico, senón ó longo de toda a Idade da Pedra Pulida.


A **gandería** e maila **caza** constitúen o maior aporte alimenticio para as xentes da época na nosa área xeográfica, complementándose entre elas fornecendo de carne, peles, osos, cornas e excrementos para estercar. Progresivamente a gandería vai tendo maior importancia, pero nunca substituíndo totalmente á caza. Domesticaron animais dóciles, con gran instinto gregario, que tiñan crías que permanecían moito tempo unidas ás nais. Nos xacementos da nosa área a fauna doméstica aparece nunha porcentaxe algo maior ca salvaxe: Cazaban animais que vivían nas fragas e nos lindeiros



Considérase á **roza** (tala e queima dos bosques, cultivo e posterior barbeito) como o sistema utilizado para o cultivo, aínda que non pincharan as grandes árbores, desmestaban e queimaban as fragas para poder sementar. Con machados e aixadas de pedras pinchaban árbores e rachaban os terróns, para logo espallar ou enterra-la semente, na colleita valíanse de fouciños de madeira nos que colocaban pezas de pedra.

No Neolítico lonxe de establecerse unha **economía** baseada dos cereais, existe unha gran diversidade na explotación dos recursos naturais, existen no mesmo período grupos humanos que practican sistemas diferentes: Sistemas de base agrícola con cultivo de cereal e leguminosas, complementado coa recoleita de froitos silvestres; sociedades de cazadores-gandeiros, sen agricultura, pero con recoleita de froitos e raíces; e sociedades que conxugaban ou alternaban, con maior ou menor intensidades, as distintas actividades de subsistencia (agricultura, pastoreo, caza, pesca e recoleita), xunto con outras que se especializarán na explotación de recursos minerais.

A práctica dunha agricultura intensiva, coa necesidade de coidar e vixiar ós cultivos, obriga ós labregos a facerse **sedentarios**, así hacen os primeiros poboados: Estes non serán estacionais, pero tampouco permanentes, as técnicas agrícolas da época con roturacións superficiais e escaso abono axiña esgotaban a fertilidade natural das terras do entorno, e as xentes abandonaban o poboado para construír outro.




das aldeas e terras de cultivo, maioritariamente uro, corzo, xabaril, coello e lebre; Dentro da cabana gandeira dominan as cabras e ovellas, seguidas polos bóvidos domésticos e polo porco.

O comezo da **agricultura** en Galicia sitúase no 5.000 a.C., nun tempo onde os bosques dominaban a nosa paisaxe, en moitos casos a existencia de procesos deforestadores practicados polas derradeiras bandas de cazadores, precede á apertura de campos para o cultivo valéndose tamén do lume. A agricultura ten os seus inicios na recoleita intensiva de certos cereais que pronto pasaron a ser sementados; No transcurso das sucesivas colleitas as especies domesticadas van cambiando por mutacións xenéticas e hibridacións naturais, os campesiños utilizaban como sementes aquelas que posuían melloras para o aproveitamento humano.

Co desenrolo da agricultura os grupos humanos cambian a súa relación coa natureza, agora o territorio e algunhas das súas especies van ser manipulados polo home. Deste xeito un mesmo territorio pode manter a grupos humanos máis numerosos, pero estarán encadeados ás terras. O sedentarismo consolida agrupacións de individuos cada vez maiores e permite a acumulación da riqueza, esta acumulación propiciará o comezo dos desequilibrios sociais.

Os asentamentos estaban condicionados polo sistema de subsistencia de cada grupo humano, así escollían os lugares que meliores condicións ofrecían para cada grupo; Os labregos gustaban de terras baixas, máis fértiles e protexidas, mentres os gandeiros preferían as montañas con meliores pastos naturais, onde podían practicar tamén a caza.


As **aldeas** estaban construídas con pólas, palla e algúns troncos, pola súa fragilidade e dificultade de conservación en Galicia aínda non se descubriu ningunha. Nas rexións





**Vida cotián**

Nesta escena cotián observamos novas artesanías como o tecido, a deria, a pedra pulida, a moenda do cereal e a cestería.




**Aldea neolítica**

As primeiras aldeas eran simples aglomeracións de cabanas feitas con materiais perecedoiros, as cortes, celeiros, espacias de vivenda e lugares de traballo estaban baixo o mesmo teito.

límitrofes estaban situadas nas proximidades das mellores áreas de cultivo, organizadas en cabanas rectangulares ou circulares, onde os animais compartían o mesmo espacio co xente. No noso país tense documentado un pequeno fado de asentamentos en covas (Pala da Vella) e en acubillos, algúns tamén habitados en épocas anteriores, como Prado do Inferno; Esto contrasta cos varios milleiros de enterramentos destas xentes que aínda se conservan no noso país.


A **vida cotián** nesta época rexistra importantes cambios, os grupos sedentarizáronse, construíron vivendas permanentes para cada grupo familiar, a dieta alimenticia vai cambiando e tamén mudan as artesanías. En cerámica gardan as colleitas e poden coce-los alimentos, sen ela era moi difícil ferver líquidos, mentres coa lã das ovellas, e outras fibras vexetais, tecen panos para facer roupas.

A produción **cerámica** xeneralízase no Neolítico e chega até os nosos días, supón, a primeira utilización consciente de un cambio químico por parte do home: coa cocción unha forma maleable e perecedeira de arxila, convértese nunha cerámica duradeira. A cerámica é un medio de expresión estética pola súa forma, tratamento e decoración, en ocasións son trazos que identifican e diferencian o grupo que produce.




**Modelado da cerámica**

Neste tempo a cerámica faise a man, modelándoa até configurar unha forma de tendencia hemisférica, logo serían decoradas e cocidas en lumes abertos.



**Prado do Inferno**

É un acubillo de grandes dimensións localizado en Muras, estivo habitado ó final do Neolítico.



**Formas cerámicas**


No Neolítico galego as formas cerámicas adóitan ser globulares e de pequenas dimensións, onde destacan, pola súa abundancia os cuncos. A decoración é moi rara neste período, e cando aparece é moi sinxela confirmada por liñas onduladas.

As formas, estilos, variacións e técnicas particulares de cada unha das tradicións cerámicas constituíron trazos culturais que foron difundidos doadamente e de xeito continuado. As vasillas que atopamos nos túmulos, van de simples cuncos ata pezas de paredes verticais, vasos e formas máis complexas. No referente á decoración, a meirande parte é lisa, é dicir, está ausente. A pasta adoita estar pouco coidada e as superficies son bastas, non están moi coidadas. Os volumes destes recipientes varían de pequenos vasos ou cuncos, os máis comúns, até grandes vasillas de almacenamento.

O Neolítico incorpora outra nova tecnoloxía á industria lítica, a **pedra pulida**, con esta técnica pódense facer útiles máis robustos e máis difíciles de romper, concíbense e labrábanse pezas máis axeitadas para poder traballar con mangos, así elaboraron machados, aixolas, aixadas e mazas.




Os instrumentos de **pedra lascada** cortan máis cos pulidos, pero son máis fráxiles, mentres os pulidos son máis eficaces para machucar, pinchar árbores e sachar leiras. Os utensilios de pedra lascada serán utilizados para cortar e raspar, e para facer fouciños e puntas de seta para a caza.

O proceso de elaboración dun instrumento de pedra pulida é relativamente sinxelo, pero require de moitas horas de traballo; Unha vez escollida a pedra axeitada lábrase un esbozo, lascando primeiro e labrando despois, así a peza xa ten a súa forma final; Seguidamente dan comezo os diferentes procesos de pulido, cada vez máis finos, ben refregando contra outra pedra, ben contra area ou dentro dunha regaña feita nunha pena, vaise avanzando o pulido ata a fase final; Nela con coiros engraxados e area moi fina prodúcese a superficie vítrea tan característica das algunhas ferramentas pulidas.



**A industria lítica**


Conviven formas de pedra lascada de tradición anterior, pero adaptadas ós usos agrícolas, con formas de pedra pulida, maioritariamente a parelos agrícolas (machados e aixolas) que teñen menor capacidade de corte pero son máis eficaces para pinchar as árbores e sachar as leiras.



▪ **Megalitismo.**

Nunha fase aínda por determinar da andadura do Neolítico, aparece unha nova simboloxía plasmada na arquitectura megalítica (*mega* = grande; *lithos* = pedra): Construcións de carácter simbólico feitas con grandes pedras. En Galicia temos moitos exemplos de construcións megalíticas de función funeraria (antas ou arcas) integradas en túmulos de terra (mámoas ou medoñas), pero tamén coñécense outros megálitos como pedrafitas e algúns controvertidos círculos líticos.


O Megalitismo non é único do noso país, nin exclusivo da fachada atlántica europea, haino no Mediterráneo, Asia, América e África; É a plasmación arquitectónica, con semellantes características constructivas, de diferentes rituais propios de distintas culturas que tiveron lugar en espazos temporais e xeográficos diferenciados. Podemos atopar estas construcións dende o IV milenio a.C. ate ben entrada a nosa Era.



Durante a fase megalítica do Neolítico vai tomando corpo un cambio na **estructura social** que se fará máis forte a comezos da Idade do Bronce, os enterramentos colectivos deixarán paso ós individuais, isto ven aparelado á documentación de contrastes económicos no plano persoal e diferencias no rol social dos diferentes grupos familiares; A sociedade paritaria camiña cara a unha sociedade estratificada, de xefaturas. Esta nova estrutura social deixará como testemuñas as grandes antas con corredor do final do Megalitismo.

En Galicia, podemos observar como o **fenómeno tumular** non é un conxunto unitario, existe un gran polimorfismo; O espacio funerario agochado dentro do túmulo pode estar constituído por unha cámara poligonal, estrutura con corredor, cista ou non ter estrutura pétreo algunha. Estas diferencias constructivas evidencian claramente os cambios sociais e relixiosos acontecidos dende os primeiros en-

terramentos colectivos do Neolítico ata os enterramentos individuais da Idade do Bronce, dende a procura de certa monumentalidade ata as formas simples onde a maxestrosidade arquitectónica non parecer ser importante. Esta diversidade fai impropio falar de Cultura Megalítica, sendo máis correcto referirse a estes elementos, mámoas e antas, como pertencentes ó Fenómeno Cultural Megalítico, ou mellor aínda, ó Fenómeno Cultural Tumular.





Atopamos mámoas en case tódalas bisbarras galegas; a ausencia de túmulos nalgunha delas pódese deber á falta de documentación, ou, nunha grande medida, ás destrucións que sufriron ó longo da Historia. Tradicionalmente en Galicia vénhense concentrado os esforzos en definir patróns de **empozamento** dos túmulos sen resultado positivo algún, do mesmo xeito o aspecto de monumentalidade das grandes mámoas, fixo pensar a algúns nunha función de sinalización do territorio, pois ho-

xe algunhas son vistas dende moi lonxe, nembargantes a maioría están emprazados en lugares dominados na época por espesas fragas que limitaban moito a visibilidade.

As mámoas agochan unha serie de **estructuras arquitectónicas** ben diferenciadas, segundo a súa forma xeral podemos establecer tres grandes grupos: Cámaras simples, as máis antigas, as chantas delimitan un espacio funerario de forma poligonal cuberto por unha laxe horizontal; Cámaras con corredor, cámara poligonal aberta da que arinca un corredor, máis estreito e de menor altura que comunica a cámara coa periferia da mámoa; Cámaras rectangulares, de planta rectangular.



A partires dun monumento megalítico complexo, podemos sinalar as distintas **partes co compoñen**: Mámoa, túmulo de terra con forma de casquete esférico que engloba e protexe o resto do conxunto, pode estar delimitada por un anel perimetral, formado por unha serie de pedras de mediano tamaño, e tamén pode estar cuberta por outras pedras en xeito de coiraza; No centro atópase a anta, cámara megalítica, espacia onde se depositan os cadáveres; Un corredor feito de laxes de menor tamaño, comunica a anta a exterior do monumento; Cara a fora ábrese un adro que pode ter uns idoliños fincados sinalando pechando o espacia ceremonial.



▪ **Outras manifestacións artísticas.**


As manifestacións artísticas deste mundo non se limitan á arquitectura, nin ás formas e decoracións das cerámicas; Ademais da presenza de idoliños nas mámoas que constitúen obras escultóricas, algunhas laxes das antas están decoradas con gravuras e pinturas. As manifestacións artísticas existentes en Galicia forman parte do chamado grupo noroccidental de arte megalítica que agrupa xacementos dende o río Vouga ó Sella. Os conxuntos desta zona comparten técnicas e motivos decorativos do que se deduce a existencia dun contexto simbólico común.

As **gravuras** nas antas conteñen un repertorio temático reducido, os motivos preséntanse illados ou formando composicións: Os ondulados, son os máis abundosos, preséntanse paralelos, en posición vertical, de xeito oblicuo e horizontal, ou combinando as devanditas formas, poden tamén aparecer asociados a outros motivos; Zigzags, cando son horizontais cobren todo o ancho da laxe; Heliomorfos, figuracións solares, a partires dunha pequena cazoleta, círculo ou circunferencia, parten múltiples liñas, dun tamaño semellante, en todas as direccións; Son comúns as armas, cazoletas, aínda que tamén se coñecen figuracións antropomorfas e zoomorfas. O grupo máis importante de gravuras foi descuberto na conxunto tumular de Roza das Modias (Vilalba), onde tres dos oito túmulos existentes presentan as súas laxes decoradas.



A técnica da **pintura** é relativamente sinxela, deberon empregar o estampado, axudados con fibras vexetais, as únicas cores presentes son o vermello e o negro, este que se obtiña de carbóns e cinzas mentres co vermello era elaborado con óxidos de ferro; As pinturas adoitábanse dar sobre unha capa de elucido de cor branco feito, no caso de Dombate, con caolín e manteiga de vaca como aglutinante. Os motivos decorativos das pinturas son máis pobres cos das gravuras; dominan as representacións xeométricas: zigzags, liñas, series de triángulos sucesivos e series de puntos negros que a miúdo festonan os demais elementos; Aparecen tamén algúns motivos idóliciformes, relacionados con figuras humanas. Os exemplos galegos máis importantes son Pedra Cuberta (Vimianzo), Dombate (Cabana) e Forno dos Mouros (Toques).

Na área levantina no Neolítico prolifera unha serie de pinturas rupestres de estilo esquemático, onde aparecen figuras humanas e animais en escenas de caza, loitas, danzas e desenrolando outras actividades cotiáns; A técnica e motivos destas pinturas contrastan coas realizadas nos chantos das nosas antas.



▪ **Relixiosidade.**

Os labregos perden a súa liberdade por encadease á terra e ós seus rabaños, esta distinta actitude cara a terra e ós animais vai ser definitoria dunha nova relixiosidade. Os grupos de campesiños atendían de xeito especial ós ciclos da natureza relacionados cos traballos agrícolas, especialmente coa sementeira e a colleita; Ciclos que debían respectarse para non por en perigo a supervivencia do grupo.

Estas sociedades dispensaban un culto especial ós mortos, por medio dos enterramentos tumulares; Así instrumentalizaban ós seus defuntos como expresión do aproveitamento prolongado da terra onde se erguen, e sinalando coas construcións dos mortos o vínculo dos vivos cun territorio determinado, vínculo que non sinalaban as aldeas feitas de materiais perecedoiros. Mentres as pedrafritas vincúlanse ó culto os camiños e as encrucilladas.

Os espazos funerarios tumulares cara o solpor do Megalitismo vense modificados coa presenza de adros na entrada ó corredor das antas, a creación destes espazos exteriores supoñen a existencia dun ritual máis complexo, realizado neste novo espazo cerimonial, onde o panteón terá funcións de santuario.

A significación da arte funeraria váisenos das mans, os símbolos representados, dentro dun contexto primeiro funerario e logo funerario-cerimonial, deberon ter algunha motivación distinta á simple estética e ornato. Tradicionalmente ós motivos representados, déuselles unha serie de interpretacións, ás veces moi imaxinativas, e outras asumindo a simboloxía cos mesmos motivos tiñan, e teñen, noutras culturas dos lugares máis diversos. Sabedores do pouco fundamento que isto implica, de seguido, recollemos unhas das interpretacións máis comunmente aceptadas: Ondulados, son interpretados como serpes ou como imaxes simbólicas de cursos de auga; A serpe ten un significado positivo, relacionada coa fertilidade, coa eternidade e coa propia vida; Os heliomorfos, representacións solares, relaciónanse coa *Dea mater*, a deusa nai, reguladora dos ciclos vitais da natureza, da fecundidade e da vida, tanto dos humanos como dos animais; As armas cumprirían un papel apotropaico, figuracións simbólicas que gardan e protexen o espazo funerario.

▪ **Materiais Expostos:**

- Vitrina-06** **Neolítico**

Contén fragmentos cerámicos e diversos útiles e ferramentas de pedra lascada, como puntas de seta, burís, lascas, etc. Materiais recuperados en diferentes acubillos baixo rocha que habitados na época anterior continúan sendo lugares de asentamento, como Prado do Inferno (Muras).
- Vitrina-07** **Megalitismo**

Amosa materiais procedentes de túmulos megalíticos da Terra Chá, machados e un curioso puñal de pedra pulida, xunto con varias laminas e outros elementos de pedra lascada.

▪ **Conceptos relativos ás diferentes Unidades:**

- Unid. 1** **Infantil / 1º Ciclo de Primaria**

  - Primeiros campesiños de Galicia.
  - Aldeas e asentamentos duradeiros.
  - Gandería e agricultura.
  - O tecido para facer roupas.
  - Aparición da cerámica e da pedra pulida.
  - Construción para os mortos.
- Unid. 2** **2º Ciclo de Primaria**

  - Primeiros labregos.
  - Nacemento dos poboados e aldeas.
  - Primeiros cultivos e domesticación de animais.
  - Novas tecnoloxías: cerámica e pedra pulida.
  - Construcións megalíticas.
- Unid. 3** **3º Ciclo de Primaria**

  - A sedentarización dos cazadores: as aldeas.
  - Novos medios de subsistencia: gandería e agricultura.
  - Aparición da cerámica para cocinar e gardar alimentos.
  - Nova técnica do traballo da pedra: o pulido.
  - Arquitecturas megalíticas.

**Unid. 4**

1º de ESO, Historia

- Primeiras sociedades campesiñas: o Neolítico.
- A domesticación de animais e plantas
- A cerámica: elaboración e formas.
- A pedra pulida e a pervivencia da pedra lascada.
- O Megalitismo.
- Ritual funerario.

**Unid. 6**

2º BAC, Historia

- O proceso de Neolitización.
- Economía productora de alimentos: Diferentes modelos.
- A olería: Tecnoloxía e significación cultural.
- Tecnoloxía da pedra: Innovación e pervivencia.
- O Fenómeno Cultural Megalítico.

**Unid. 7**

2º BAC, Historia da Arte

- A sociedades campesiñas.
- Arte parietal.
- Arquitectura megalítica.
- Outras manifestacións (gravura, pintura, cerámica, etc.).

**Unid. 9**

1º BAC, Filosofía

- Sociedades agrarias.
- Religiosidade das sociedades agrarias.
- O Megalitismo e o seu simbolismo.